

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE (LIGAL) PARA A REALIZACIÓN DAS ANÁLISES DE MOSTRAS DE LEITE PROCEDENTES DO CONTROL LEITEIRO DO GANDO VACÚN DE GALICIA NAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS PARA O PERÍODO 2017-2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural

DECLARA:

Que a Consellería do Medio Rural ten previsto formalizar co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), para a realización das análises das mostras de leite correspondentes ao control do rendemento leiteiro oficial para a avaliación xenética na especie bovina na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa participación no Programa de mellora xenética de Frisón, no marco do Decreto 120/2011, do 16 de xuño de 2011.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, en particular é responsable do funcionamento do control leiteiro oficial, executado a través do Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL).

O Real Decreto 368/2005, de 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina, establece no artigo 14º a necesidade de contar, polo menos, cun laboratorio para realizar as análises do control leiteiro oficial.

O Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial en Galicia, no seu artigo 3º, designa ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), como laboratorio oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia, e, polo tanto, para colaborar coa Consellería do Medio Rural na execución do control leiteiro na comunidade autónoma.

O LIGAL é unha entidade sen ánimo de lucro, que participa no desenvolvemento do



programa galego de selección e mellora xenética do gando vacún frisón de Galicia cuxo fin é por a disposición dos gandeiros galegos material xenético de alta calidade producido en Galicia para obter animais máis selectos e eficientes na produción de leite. No marco deste programa, e segundo o establecido no Real Decreto 368/2015, realízanse o conxunto de actuacións necesarias para a avaliación xenética dos reprodutores desta raza, que comprenden a comprobación sistemática da cantidade de leite producida e dos seus compoñentes, mediante determinacións analíticas precisas efectuadas sobre as mostras do leite individual de todas as vacas en control leiteiro oficial de Galicia.

O desenvolvemento do convenio permitirá á Xunta de Galicia fomentar a existencia dunha cabana gandeira galega máis selecta e eficiente na produción de leite, contribuíndo á mellora da eficacia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións e á optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles, coa consecvente incidencia a nivel económico e social.

Por outra banda, o LIGAL tamén obterá información cara ao coñecemento exacto do sector leiteiro galego e ao desenvolvemento dos seus estudos e investigacións científicas relacionadas coa produción, transformación e comercialización do leite, desenvolvendo ferramentas que porá a disposición dos gandeiros e das industrias a través dos seus servizos e actividades formativas e divulgativas nas diferentes materias que figuran nos fins dos seus estatutos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 25 de xaneiro de 2017

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinada dixitalmente,

Belén M^a do Campo Piñeiro

